

Instrucións para a asignación de horario da materia de **MUSICA DE CÁMARA e REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO**

Curso 2021/22

- **MÚSICA DE CÁMARA**

Os grupos de Música de Cámara (alumnado de cada grupo) poderanse consultar no taboleiro do centro o xoves 16 de setembro a partir das 12 horas.

Os horarios dos diferentes grupos asignaranse no acto que se realizará o **xoves 16 de setembro ás 16:00 horas**, como xa se informou na web do centro. Realizarase no espazo do HALL DO AUDITORIO (entrada pola planta -1 do centro).

O alumnado que curse a materia, ou as persoas que as representen, deberán estar presentes no momento do chamamento do grupo correspondente para a asignación do horario do grupo.

O chamamento comezará ás 16:00 horas e farase comezando polos grupos mais numerosos (quintetos, cuartetos tríos, dúos). No caso de que coincidan varios grupos co mesmo número de integrantes a orde de chamamento determinarase en función da primeira letra do primeiro apelido¹.

A non asistencia no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

- **REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO**

Os grupos de repentización e acompañamento, (alumnado de cada grupo) poderanse consultar no taboleiro do centro o xoves 16 de setembro a partir das 12 horas.

Os horarios dos diferentes grupos da materia asignaranse no acto que se realizará o **xoves 16 de setembro ás 18:30 horas**, como xa se informou na web do centro.

Para a especialidade de PIANO realizarase no espazo da BIBLIOTECA (entrada pola porta principal do centro).

Para a especialidade de GUITARRA realizarase no espazo da AULA 26 (entrada pola porta principal do centro).

O alumnado que curse a materia, ou as persoas que as representen, deberán estar presentes no momento do chamamento do grupo correspondente para a asignación do horario do grupo.

¹ Tendo en conta todos os membros de cada grupo. Comézase pola letra Y, letra administrativa para os procesos de selección, de acordo coa resolución do 29 de xaneiro de 2021.

O chamamento comezará ás 18:30 horas e farase comezando polos grupos de curso mais alto. No caso de que coincidan varios grupos do mesmo curso a orde de chamamento determinarase en función da primeira letra do primeiro apelido².

A non asistencia no momento do chamamento para a asignación do horario levará consigo a perda de todo dereito de preferencia e/ou elección no mesmo.

² Tendo en conta todos os membros de cada grupo. Comézase pola letra Y, letra administrativa para os procesos de selección, de acordo coa resolución do 29 de xaneiro de 2021.